

MANIFESTO RESERVA DE BIOSFERA

CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA ÁRBORE (21 DE MARZO DE 2016)

“COMPROMETIDOS NA BÚSQUEDA DUN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE”

Como todos ben sabedes, o 21 de marzo celebraremos o *Día da Árbore* e o *Día Internacional dos Bosques*, facendo especial fincapé na importancia da educación ambiental para garantir un desenvolvemento harmónico co medio natural.

As árbores nos regalan vida, fixan o CO₂ que producen as industrias e os vehículos, e o convirten no osíxeno que respiramos coa fotosíntese. As árbores proporcionannos madeira, froitos, o papel no que escribimos, abonan os nosos campos coas súas follas, reteñen o solo fronte á erosión, depuran os nosos ríos e lagoas, crean ecosistemas, hábitats diversos onde os animais poden vivir e refuxiarse, regálannos paisaxes de ensoño e espazos ó aire libre para o lecer e o desfrute da natureza.

Con motivo deste Día, “*Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*” promoverá a plantación simbólica de árbores autóctonas cedidas pola Xunta de Galicia, coa idea de que eses soutos e fragas nos que se criaron os nosos avós, poidan desfrutalos os nosos netos. Trátase de non comprometer as xeracións futuras e que os nosos descendentes poidan desfrutar da nai natureza, da súa beleza e dos recursos que nos reportan.

Por todo esto, e para contribuir á recuperación das nosas variedades autóctonas, que forman parte da nosa gastronomía, toponimia e tradición, realizaremos plantacións simbólicas en todo o territorio, coa ilusión de que estas árbores que hoxe medran, se convirtan nun futuro en pequenos soutos e fragas cheas de vida.

A *Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”* quere enviar unha mensaxe conxunta de compromiso, non só adquirido internacionalmente coa UNESCO senón con toda a cidadanía, de cara a promover a compatibilidade de usos e facer posible o desenvolvemento socioeconómico do territorio coa mellora ambiental da nosa contorna.

